

ES CRAVO DE TI VÉS, PENOSA VOLTA,  
DO FRACASO. NON QUERO  
XA VERNOS MORTOS, TAN CEDO, TAN CEDO,  
AGORA MESMO POÑER,  
POÑER AGORA O PÉ SOBRE O CADÁVER:  
SOMOS NÓS O FRACASO.

1986



INMENSAMENTE OS VELEIROS DESFEITOS  
ATRANGALLADAS AS HORAS DA NOITE  
PROCURANDO A ENTRAÑA DA CIDADE  
NON QUEDA NADA NIN A MÚSICA XA  
SOA NO MEU OÍDO SÓ NA SOMBRA  
DO RECORDO XUNTANDO A VAGUIDADE  
E SENTIRME —EU NO CENTRO DO VERBO—  
ESGAZANDO: ESA NOITE QUE ZOA E  
RECOÑECE E SALTA A ESCALA NÚA  
DO VERSO PALADEADO

1986



ÁNDANME SEMPRE AS MANS FACENDO PRAIAS  
IMPOSIBLES; PODE SER DE NON MEDRAR  
E CAER NO INTENTO OS DEDOS PARTIDOS...

*REVOLTA, 1986*



NAS PAREDES ESCRIBIRÁN MORTOS.  
O VENTO TRAE MAQUINARIAS. SORTE  
DE RÍOS AMARELOS VÉN PARAR ÁS NOSAS MANS;  
ATRAIO, QUIZAIS, OS MALOS DESTINOS  
POIS ABRAZO A MORTE, TODA MORTE,  
DA VIDA? RÍOS PESADOS DE BALEAS  
CONFONDEN OS PASOS QUE AVANZAMOS  
E CALO.

*SON AUGAS, 1987*

